

Guía para a diversificación de espazos educativos na ESO dende unha perspectiva inclusiva, igualitaria e interdisciplinaria



Guía didáctica



"Guía para a diversificación de espazos educativos na eso dende unha perspectiva inclusiva, igualitaria e interdisciplinaria"
por Rosa María González Iglesias e Elisa Moreira García
públicase baixo unha licenza

[Creative Commons Recoñecemento-NonComercial-CompartirIgual 4.0 Internacional](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/)

Recurso creado durante unha licenza retribuída pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia.

Índice

1.- Descrición do recurso	3
2.- Obxectivos	3
3.- Contidos	4
4.- Competencias clave a traballar	6
5.- Metodoloxía	8
6.- Avaliación	8

1.- Descrición do recurso

Este recurso, en formato Aula Virtual, aspira a ofrecer ferramentas, consignas e claves que guíen ao profesorado dos centros de educación secundaria na busca de novas perspectivas que excedan a aula como habitáculo para poder desenvolver o inminente modelo competencial que propón a aprendizaxe arredor de oito competencias, fronte á división tradicional en materias.

Pretende deseñar novos espazos de aprendizaxe no centro, nas inmediacións e na contorna, que propicien a introdución de perspectivas inclusivas e igualitarias a través de proxectos de traballo interdisciplinarios que sexan quen de derrubar os actuais muros opresores de espazos limitados e compartimentados.

Así, a súa orixinalidade reside na oferta dun recurso dixital que permita orientar a xestión dos espazos do centro co fin de dotar o labor docente dunha ferramenta relevante para a xestión da convivencia educativa.

Esta Aula Virtual conta con diversidade de materiais dixitais como leccións, páxinas, recursos interactivos, gráficos, material audiovisual ou ligazóns de interese; distribuído en sete bloques temáticos ou capítulos que permitirán afrontar diversas vertentes da materia a tratar.

2.- Obxectivos

1. Impulsar o proceso de transformación do modelo educativo tradicional ó novo modelo competencial.
2. Proporcionar ó profesorado unha perspectiva real e operativa de traballo interdisciplinario baseado nas competencias.
3. Establecer mecanismos que favorezan o achegamento do alumnado ó mundo que o rodea.
4. Realizar un estudo das posibilidades que ofrece o centro e a contorna de cara a unha diversificación de espazos de ensino-aprendizaxe.
5. Introducir perspectivas coeducativas no deseño e desenvolvemento de espazos de aprendizaxe.
6. Deseñar acción inclusivas arredor de proxectos de traballo que fomenten as relacións interpersoais e a interacción coa contorna.

3.- Contidos

Como xa se comentou na descrición do recurso, esta Guía estrutúrase en sete grandes bloques, constituíndo cada un deles un Tema da Aula Virtual e compoñéndose, á súa vez, de catro apartados: Primeiros pasos, Información, Posta en práctica e Para saber máis.

Debe terse en conta que esta Guía pretende, partindo dos Departamentos de Orientación dos centros, achegarse a todo o conxunto da comunidade educativa dun xeito interdisciplinario, polo que os contidos aportados pretenden ser só un guión inicial que cada centro poderá adaptar a o seu contexto e realidade concreta.

Descríbense a continuación os contidos de cada bloque:

1. INTRODUCCIÓN

- 1.1. Primeiros pasos
 - 1.1.1. Que é e por que é precisa esta guía?
- 1.2. Información
 - 1.2.1. Marco europeo para o desenvolvemento das competencias clave
- 1.3. Posta en práctica
 - 1.3.1. Algunhas ideas...
 - 1.3.2. Creación dun Glosario
- 1.4. Para saber máis
 - 1.4.1. Bibliografía/Mediateca

2. METODOLOXÍAS

- 2.1. Primeiros pasos
 - 2.1.1. Enfoque metodolóxico e desenvolvemento competencial
- 2.2. Información
 - 2.2.1. O modelo competencial europeo
 - 2.2.2. As competencias profesionais docentes
 - 2.2.3. Modelos e metodoloxías
- 2.3. Posta en práctica
 - 2.3.1. As metodoloxías e a súa implementación
- 2.4. Para saber máis
 - 2.4.1. Bibliografía/Mediateca

3. COMPETENCIA GLOBAL

3.1. Primeiros pasos

3.1.1. Que implica a competencia global?

3.2. Información

3.2.1. Competencia global. Concepto e marco previo

3.3. Posta en práctica

3.3.1. Claves para contextualizar a Educación para a Cidadanía Mundial (ECM)

3.3.2. A perspectiva de xénero na ECM

3.4. Para saber máis

3.4.1. Bibliografía/Mediateca

4. APROPIACIÓN DE ESPAZOS. ROMPENDO OS LÍMITES DA AULA

4.1. Primeiros pasos

4.1.1. Aproximación á creación de contornas de aprendizaxe

4.2. Información

4.2.1. O papel do espazo na construción da aprendizaxe

4.2.2. A percepción da arquitectura

4.3. Posta en práctica

4.3.1. Estratexias e escalas de apropiación de espazos

4.3.2. Novo concepto de aula

4.4. Para saber máis

4.4.1. Bibliografía/Mediateca

5. ENFOQUE STEAM. ROMPENDO A FENDA DE XÉNERO

5.1. Primeiros pasos

5.1.1. Do STEM ao STEAM. Oportunidades e inquiredanzas

5.2. Información

5.2.1. STEAM e xénero. Composición de lugar

5.2.2. Bases da Coeducación

5.3. Posta en práctica

5.3.1. Intervencións e propostas STEAM

5.3.2. Proposta para a análise crítica de estereotipos de xénero

5.3.2.1. Simulacro de enquisa para o sexo feminino

5.3.2.2. Simulacro de enquisa para o sexo masculino

5.4. Para saber máis

5.4.1. Bibliografía/Mediateca

6. POLOS CREATIVOS. CO-CREACIÓN E SOLUCIÓN CONXUNTA DE PROBLEMAS

- 6.1. Primeiros pasos
 - 6.1.1. Construción dun proxecto compartido
- 6.2. Información
 - 6.2.1. Polos Creativos. Situacións de aprendizaxe e actividades
 - 6.2.2. Introducción á inclusión e á equidade
 - 6.2.3. A colaboración docente. Análise e reflexión sobre datos reais
- 6.3. Posta en práctica
 - 6.3.1. Técnicas e boas prácticas para acadar a inclusión
 - 6.3.2. Posta en marcha de Polos Creativos
 - 6.3.3. Inclusión educativa: o motor para o cambio
- 6.4. Para saber máis
 - 6.4.1. Bibliografía/Mediateca

7. PATIOS IGUALITARIOS

- 7.1. Primeiros pasos
 - 7.1.1. Patios e coeducación
- 7.2. Información
 - 7.2.1. Por que precisamos patios igualitarios?
- 7.3. Posta en práctica
 - 7.3.1. Transformar os nosos patios en igualitarios
 - 7.3.2. Diagnose de desigualdades de xénero no uso e na ocupación do patio
- 7.4. Para saber máis
 - 7.4.1. Bibliografía/Mediateca

4.- Competencias clave a traballar

Esta Guía vai dirixida a toda a comunidade educativa polo que aportará tanto ás competencias profesionais docentes como ás competencias clave do alumnado.

No referente ás **competencias profesionais docentes**, xa que proporciona estratexias para xestionar o uso dos recursos espaciais do centro dende unha perspectiva inclusiva e igualitaria, este recurso fixa a súa atención no labor de:

GUÍA PARA A DIVERSIFICACIÓN DE ESPAZOS EDUCATIVOS NA ESO DENDE UNHA PERSPECTIVA INCLUSIVA, IGUALITARIA E INTERDISCIPLINARIA

- Educador/a e guía no proceso de ensino-aprendizaxe.
 - Xestión dos espazos, recursos e materiais de aprendizaxe.

E no que respecta ás **competencias clave**, esta Guía prevé abordalas do seguinte xeito:

- Comunicación lingüística: búscase que o alumnado redacte as súas propostas de uso dos espazos que se van traballar co fin de que expoña a súa visión das necesidades e das posibilidades deses espazos. A expresión escrita virá acompañada da expresión oral na posta en común das ideas xurdidas arredor do tema que se aborda.
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía: o ámbito STEAM será fundamental para axudar a ese espírito de ir alén da aula. A busca de polos creativos, o traballo na resolución de problemas reais, o pensamento de deseño... será unha constante.
- Competencia dixital: o alumnado empregará ferramentas e aplicacións informáticas no desenvolvemento das distintas fases do traballo, tanto para a fase de indagación coma para a fase de exposición das ideas e nos debates. Buscarase unha auténtica transformación dixital.
- Aprender a aprender: neste caso búscase que o alumnado adquira autonomía á hora de buscar as estratexias de traballo que mellor se axeiten aos procesos de indagación e creación que se deseñen.
- Competencias sociais e cívicas: neste traballo esta competencia adquire especial relevancia posto que fai copartícipe ao alumnado da procura de solucións que mellor atendan aos intereses colectivos, sen deixar a ninguén atrás nin obviar as dificultades ou discriminacións que xorden decote no uso cotián dos espazos escolares. A posta en práctica de metodoloxías cooperativas abre o camiño á posibilidade de expresar ideas e a solucións identificadas individualmente e máis de compartilas cos equipos de traballo e co gran grupo, facendo que os traballos se desenvolvan de xeito coparticipado e ofrecendo a oportunidade de que o alumnado se sensibilice sobre as dificultades, os atrancos e as incomodidades que presentan os espazos en moitas ocasións. A procura do ben común, integrando todas as necesidades do grupo, produce unha sensibilización necesaria para a adecuada transmisión dos valores inclusivos e igualitarios que se busca acadar nesta proposta.

GUÍA PARA A DIVERSIFICACIÓN DE ESPAZOS EDUCATIVOS NA ESO DENDE UNHA PERSPECTIVA INCLUSIVA, IGUALITARIA E INTERDISCIPLINARIA

- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor: a vertebración das propostas sobre a resolución de problemas da vida reais, a conexión con organismos externos... motivará ao alumnado a tomar á iniciativa e a emprender novos retos.
- Conciencia e expresións culturais: a valoración previa de traballos xa realizados posibilita o contacto con outras realidades distintas da máis próxima. Para lograr facer unha análise de distintas expresións culturais cómpre coñecer outras realidades distintas da próxima co fin de poder realizar unha valoración e unhas escollas baseadas en decisións informadas.

5.- Metodoloxía

- A. Sensibilización do grupo-clase arredor da temática que se vai traballar
- B. Presentación dos contidos do proxecto
- C. Presentación do plan de traballo
- D. Asignación de tarefas e roles ao alumnado
- E. Realización da fase de investigación por parte do alumnado
- F. Posta en común das ideas
- G. Deseño da proposta de acción e valoración de conxunto
 - a. a proposta é urxente
 - b. a proposta é viable desde o punto de vista técnico
 - c. a proposta é viable desde o punto de vista económico
- H. Deseño da execución
- I. Valoración do traballo realizado
 - a. nivel de acabado
 - b. nivel de satisfacción co traballo feito
 - c. posibilidades de continuación
 - d. nivel de transferibilidade

6.- Avaliación

No que respecta á avaliación, este recurso pretende marcar unhas pautas xerais que promovan a transformación real e efectiva, e que poidan ser adaptadas a cada contexto particular.

GUÍA PARA A DIVERSIFICACIÓN DE ESPAZOS EDUCATIVOS NA ESO DENDE UNHA PERSPECTIVA INCLUSIVA, IGUALITARIA E INTERDISCIPLINARIA

Debe terse en conta que o proceso de avaliación debe situarse no centro do deseño e do desenvolvemento curricular. A avaliación debe participar de todo o que acontece nos procesos de ensino e aprendizaxe; desa sincronía e sintonía, dependerán significativamente os resultados da acción didáctica. Polo tanto, o desenvolvemento didáctico da avaliación require dun deseño previo que programe o funcionamento dos diversos elementos interrelacionados.

Un dos obxectivos da presente proposta é a impulsión do proceso de transformación dende o modelo educativo tradicional cara o novo modelo competencial. E, polo tanto, a avaliación de competencias debe ser base fundamental para o cambio de paradigma. Deste xeito e para asegurar un correcto desenvolvemento das competencias, deberán propoñerse procesos de ensino-aprendizaxe que mesturen contidos, habilidades, actitudes, valores e estratexias de aprendizaxe; é dicir, que traballen os diferentes elementos que conforman as competencias.

Resultará tamén primordial a realización dunha avaliación inicial, non só do alumnado senón dos procesos desenvolvidos no centro no que respecta aos espazos empregados, á inclusión e a igualdade, para detectar aquelas posibles debilidades e ameazas, así como as fortalezas e as oportunidades que se presenten.

A selección dos procedementos e instrumentos de avaliación necesarios farase de acordo coas características do alumnado e das peculiaridades do ámbito de aplicación, respondendo aos criterios de: ser múltiples e variados, proporcionar información válida, empregar diferentes formas de expresión (orais, escritas, gráficas...), poder utilizarse en diversas situacións de avaliación (heteroavaliación, autoavaliación ou coavaliación) e aplicar instrumentos de carácter cuantitativo e cualitativo.

No que respecta á avaliación da propia proposta educativa resultará primordial establecer un modelo de autoavaliación ou investigación-acción que posibilite que o docente reflexione sobre a súa práctica educativa, repercutindo deste xeito na calidade da aprendizaxe e do propio ensino.

Neste sentido, poderán propoñerse diferentes cuestionarios para seren cumprimentados polo docente ao final do curso. Ademais, estes complementarase con outros modelos de análise como técnicas observacionais, elaboración de DAFO, redacción dun diario persoal, etc. que se elaborarían ao longo do desenvolvemento da proposta.

GUÍA PARA A DIVERSIFICACIÓN DE ESPAZOS EDUCATIVOS NA ESO DENDE UNHA PERSPECTIVA INCLUSIVA, IGUALITARIA E INTERDISCIPLINARIA

Esta autoavaliación debe ser democrática, responsable, involucrar a todas as partes, ter como obxectivo comprender as experiencias reais e analizar os datos, así como compartirse con todos e todas as participantes. Polo tanto, resulta tamén interesante que o propio profesorado poida ser valorado polo alumnado, por exemplo, mediante cuestionarios anónimos con preguntas pechadas e abertas ás que se respondería voluntariamente.